

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE BUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2026

O 19º Festival Internacional de Cinema de Bueu celebrárase do 4 ao 19 de setembro de 2026 na localidade de Bueu, e terá como obxectivo a proxección e promoción das mellores curtametraxes realizadas nos dous últimos anos no ámbito internacional.

O festival está organizado pola Asociación FICBUEU.

PARTICIPACIÓN E CONDICIÓN TÉCNICAS

A participación está aberta a todas as curtametraxes estreadas a partir do 1 de xaneiro do 2025, podendo concorrer creadoras e creadores de calquera nacionalidade sempre e cando teñan cumprido 18 anos de idade.

Poderán presentarse obras de calquera xénero, cunha duración máxima de 30 minutos (títulos de crédito incluídos). Cada participante poderá presentar tantas obras como desexe.

Non serán admitidas as curtametraxes que xa fosen presentadas en edicións anteriores.

Os filmes deberán presentarse na súa lingua orixinal. Aquelas curtametraxes nas que o idioma non sexa o galego ou o castelán deberán ter subtítulos nalgun dos deles ou en inglés.

As películas poderán estar rodadas en calquera formato, sendo a única exigencia posuír unha copia dixital para a súa visualización e/ou proxección.

A organización resérvase o dereito de rexeitar unha obra por mala calidade da imaxe ou son.



FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE BUEU

Todas as curtametraxes participantes deberán contar coas autorizacións e cesións de dereitos de autor e doutros titulares de obras preexistentes e orixinais que se incorporen nas mesmas. Neste sentido, as/os participantes garanten que as curtametraxes non vulneran ningún dereito de explotación, nin dereitos de honra, intimidade e imaxe, nin dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial e/ou calquera outro dereito de terceiros, e que non vulneran a lexislación vixente. A organización do festival declina toda responsabilidade legal sobre as películas presentadas a concurso e o seu contido.

As obras que non cumpran algún destes requisitos serán descartadas.

Salvo petición expresa do festival, non se aceptará a recepción de obras fóra da plataforma www.shortfilmdepot.com.

Unha vez presentada a película e aceptadas as bases, se esta fose seleccionada nunha sección non competitiva non poderá ser retirada da programación nin esixir diñeiro pola súa exhibición.

INSCRICIÓN E DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL

As curtametraxes deberán enviarse a través da plataforma www.shortfilmdepot.com, onde se especifican as condicións de envío. A inscrición dunha curta nas Categorias Oficiais suporá o pago dos gastos de xestión da plataforma e dunha taxa variable:

Antes do 28 de febreiro: 3 €

Entre o 1 de marzo e o 20 de abril: 5 €

Entre o 21 de abril e o 30 de abril: 7 €



FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE BUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2026

As obras poderán enviarse desde o 8 de decembro de 2025 ata o 30 de abril de 2026 ás 14:00h hora local (UTC/GMT +1 hora).

O material enviado terá consideración de material privado e so será accesible pola organización do festival e os seus colaboradores.

De entre todas as curtametraxes recibidas serán seleccionadas:

CATEGORÍAS OFICIAIS

- Sección Oficial
- Sección GZ_00
- Sección Descubertas
- Sección Escolas de Cinema Internacionais

CATEGORÍAS MINIFIC

- Sección Xuvenil
- Sección Infantil
- Sección Cativa
- Sección Curtas en Familia

* Considerarase como curtametraxe galega toda aquela que teña como lingua orixinal o galego ou que empregue subtítulos en galego, e que ademais cumpra algúns dos seguintes requisitos:

- Sexa producida por unha empresa galega
- Máis do 70% do equipo estea composto por persoas galegas.
- Se se trata de realizadores en etapa de formación, aceptarase a obra de calquera persoa nacida ou residente en Galicia, que dirixira unha obra nunha entidade académica ou formativa.
- O festival poderá considerar unha obra dentro desta sección pola especial relación da mesma ou do seu autor/autora coa cultura de Galicia.

Todas as obras presentadas ás Categorias Oficiais competirán por entrar na Sección Oficial, e unha vez esta estea completa, configuraranse as seguintes:

- Sección GZ_00
- Sección Descubertas
- Sección Escolas de Cine Internacionais

*Dentro da Sección Oficial haberá unha cota mínima de **3 curtametraxes galegas e 3 curtametraxes españolas.**

As curtas presentadas ás Categorias MINIFIC competirán por entrar nas seguintes categorías:

- Sección Xuvenil
- Sección Infantil
- Sección Cativa
- Sección Curtas en Familia

As obras seleccionadas proxectaranse un máximo de 4 veces durante o festival.

A **selección das obras participantes no FICBUEU 2026 será anunciada** vía correo electrónico **ao longo do mes de xullo.**

As persoas seleccionadas enviarán dixitalmente a seguinte documentación:

- Copia dixital de proxección do filme.
- Arquivo de subtítulos en galego, castelán ou inglés.
- Teaser/Tráiler da súa obra a efectos de promoción.
- Fotograma ou fotografía (300 ppp) representativas da película.
- Sinopse en castelán, galego ou inglés.
- Fotografía da persoa ou persoas encargadas da dirección (300 ppp).
- Filmografía do persoa ou persoas encargadas da dirección.
- Palmarés da película.
- Web e redes sociais da película.
- Información de se a película xa foi estreada en España e Galicia.
- Clasificación de idades.



FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE BUEU



FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE BUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2026

Para confirmar a súa participación no festival terá que enviar dixitalmente o material solicitado antes do 15 de xullo de 2026 ás 14:00h hora local (UTC/GMT +1 hora).

A organización resérvase o dereito de descartar unha obra por falta de materiais ou documentación requiridos.

As/os participantes autorizan á organización do Festival o uso de dito material para a súa difusión en calquera medio de comunicación co fin de promover o Festival e a súa programación. Así mesmo, o Festival poderá utilizar fotografías das películas e das e dos directores, en prensa e outros medios de comunicación, así como para a elaboración do catálogo do Festival. O envío desta documentación supón a aceptación da totalidade destas condicións.

XURADO

A Asociación FICBUEU designará tanto ás persoas do Comité de Selección, como ás que integrarán os xurados que outorgarán os premios:

Xurado Oficial: Terá carácter internacional e paritario, e estará composto por un mínimo de tres persoas. Outorgará o Primeiro Premio, o Premio á Mellor Curtametraxe Galega e o Premio á Mellor Curtametraxe Española.

Xurado Descubertas: Terá carácter internacional e paritario, e estará composto por un mínimo de tres persoas. Outorgará o premio á Mellor Curtametraxe Descubertas, á Mellor Curtametraxe de GZ_00 e á Mellor Curtametraxe de Escolas de Cinema Internacionais.



FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CINEMA DE BUEU

O xurado terá liberdade para deixar unha categoría deserta ou entregar un premio ex aequo. No caso de outorgar un premio, con dotación económica, de modo ex aequo, a cantidade repartirase ao 50%.

*A sección Escolas Galegas terá as súas propias bases independentes que serán publicadas na web do festival no mes de maio de 2026.

PREMIOS

As curtametraxes seleccionadas poderán optar aos seguintes galardóns:

Primeiro premio: 2.000 € e trofeo.

Premio do público: 500 € e trofeo.

Premio mellor curtametraxe galega: 500 € e trofeo.

Premio mellor curtametraxe española: 500 € e trofeo.

Premio á mellor curtametraxe Descubertas: 500 € e trofeo.

Premio á mellor curtametraxe GZ_00: 250 € e trofeo.

Premio á mellor curtametraxe de Escolas de Cinema Internacionais: 250 € e trofeo.

Mellor curtametraxe de Escolas de Cinema Galegas: formación en material audiovisual valorada en 250 € e trofeo.

Mellor curtametraxe de Educación Secundaria: trofeo e formación audiovisual.

Mellor curtametraxe de Educación Especial, Infantil e Primaria: trofeo e formación audiovisual.

A dotación económica do premio entregarase exclusivamente á persoa/entidade que faga a inscrición da película. **Todas as cantidades mencionadas son importes brutos aos que se lles aplicarán o IVE e as retencións fiscais correspondentes.**



FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE BUEU

BASES DE PARTICIPACIÓN 2026

As compañías produtoras e distribuidoras das películas que resulten seleccionadas no festival comprométese a permitir a súa proxección gratuíta, durante os doce meses seguintes ao festival, en todas aquelas actividades de carácter social, educativo e gratuíto que realice o festival.

Os premios en metálico outorgados polo festival apóianse economicamente, de forma directa, en axudas recibidas de diferentes administracións públicas e/ou privadas, polo que o pago dos mesmos pode demorarse ata tres meses. En caso de non resposta por parte da persoa beneficiaria do premio no prazo de dous meses dende que o festival entre en contacto co gañador ou gañadora suporá a anulación do premio en metálico.

CONVIDADAS E CONVIDADOS

O festival convidará a un representante de cada unha das curtametraxes seleccionadas para as Seccións Oficial e GZ_00.

Unha vez determinados os días de permanencia no festival, coa conseguínte reserva de voo e aloxamento, non se poderá modificar baixo ningún concepto. En caso contrario a película quedaría excluída do palmarés. No caso de que por razóns de forza maior non se puidera asistir, a persoa deberá xustificar as causas.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.

A organización do Festival Internacional de Cinema de Bueu resolverá ó seu xuízo inapelable calquera eventualidade non especificada nestas bases.



FESTIVAL INTERNACIONAL
DE CINEMA DE BUEU

As presentes bases estarán dispoñibles en galego, español e inglés. Para calquera dificultade na interpretación o texto de referencia é o galego.

Para calquera dúbida ou información:

**+34 653 46 77 30 (En horario de 9:00h a 15:00h)
ou mariarfalco@ficbueu.com**

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade con lo dispuesto en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal (en adelante, la "LOPD"), se informa a la persona presentante de que los datos facilitados con motivo de la inscripción del cortometraje en el FESTIVAL y cualesquiera otros que en adelante aporte en conexión con la participación de dicho cortometraje en el FESTIVAL, serán incorporados para su tratamiento a un fichero titularidad de Entidad FIC BUEU, debidamente inscrito ante la Agencia Española de Protección de Datos, con la finalidad de gestionar y publicitar la participación del cortometraje en el FESTIVAL. La entrega de información requerida sobre datos personales tendrá el carácter de obligatoria y su falta de suministro o el suministro de datos incorrectos imposibilitarán que pueda gestionarse la participación del cortometraje en el FESTIVAL. Cualquier modificación que pueda producirse en los datos de carácter personal facilitados deberá ser puesta en conocimiento del responsable del fichero por parte del titular de estos, que responderá en todo caso de la veracidad y exactitud de los datos suministrados en cada momento. En caso de que se suministren datos de terceros, el PRESENTANTE declara contar con el consentimiento de los titulares de estos para la citada comunicación de datos. Si desea ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación u oposición, el PRESENTANTE y/o cualquier otro interesado puede dirigirse por escrito y en los términos y condiciones previstos en la LOPD a la siguiente dirección postal:

FICBUEU - Montero Ríos 191 Bajo - 36930 - Bueu (Pontevedra)

